

# PSICOLOXÍA

## 2º BACHARELATO

Tema 5 - IES de Vilalonga

**TEMA V: (T7) A MEMORIA , (T8) INTELIXENCIA E (T9): A REALIDADE COMO PRAXE. A ACCIÓN HUMANA (A MOTIVACIÓN, OS REFORZOS E O CASTIGO, A FRUSTRACIÓN E A VONTADE)**



JAMIE BALDRIDGE SURREALISMO FOTOGRÁFICO

## **TEMA 7: O COÑECEMENTO II: A MEMORIA**

### **7.- A MEMORIA**

- 7.1.- DEFINICIÓN DE MEMORIA.-**
- 7.2.- TIPOS DE MEMORIA.-**
- 7.3.- O ESQUECEMENTO.**
- 7.4.- ENFERMIDADES DA MEMORIA.-**
- 7.5.- OS “SETE PECADOS” DA MEMORIA**

## **TEMA 8: O COÑECEMENTO III: A INTELIXENCIA**

### **8.1.- A INTELIXENCIA HUMANA.-**

- 8.1.1- SENTIDO DA CONDUCTA INTELIXENTE.-**
- 8.1.2- CARACTERÍSTICAS DA INTELIXENCIA HUMANA.-**
- 8.1.3.- A MEDIDA DA INTELIXENCIA.-**
- 8.1.4.- UNIDADES DE MEDIDA DA INTELIXENCIA.-**
- 8.1.5.- A INTELIXENCIA ARTIFICIAL**
- 8.1.6.- A INTELIXENCIA EMOCIONAL.-**
- 8.1.7.- AS INTELIXENCIAS MÚLTIPLES**

## **TEMA 9: A REALIDADE COMO PRAXE. A ACCIÓN HUMANA.-**

### **9.1.- OS MOTIVOS DO SER HUMANO.-**

### **9.2.- CLASIFICACIÓN DOS MOTIVOS.-**

### **9.3.- DINÁMICA DA MOTIVACIÓN.-**

- 9.3.1.- MOTIVACIÓN E AFECTIVIDADE.-**
- 9.3.2.- MOTIVACIÓN E INCENTIVOS.-**
- 9.3.3.- O CASTIGO.-**
- 9.3.4.- A FRUSTRACIÓN.-**
  - 9.3.4.1.- DEFINICIÓN DE FRUSTRACIÓN.-**
  - 9.3.4.2.- CAUSAS DA FRUSTRACIÓN.-**
  - 9.3.4.3.- CONSECUENCIAS E OBXECTO DA FRUSTRACIÓN.-**
  - 9.3.4.4.- DEFENSAS ANTE AS CONSECUENCIAS DA FRUSTRACIÓN**
- 9.3.5- A VONTADE.-**
  - 9.3.5.1.- O PROBLEMA DA VONTADE.-**
  - 9.3.5.2.- VONTADE E INTELIXENCIA.-**
  - 9.3.5.3.- FASES DO ACTO VOLUNTARIO.-**
  - 9.3.5.4.- PATOLOXÍA DA VONTADE.**

# TEMA 7: O COÑECEMENTO. PARTE II.- A MEMORIA

## 7.- A MEMORIA



### 7.1.- DEFINICIÓN DE MEMORIA.-




O primeiro que temos que sinalar é que hai unha gran conexión entre a imaxinación reprodutora e a memoria.

Podemos definir a memoria como a capacidade de reproducir as imaxes do pasado.

De acordo con esta definición, acéptase a existencia de dous procesos distintos na memoria:

- a) proceso de adquisición
- b) proceso de conservación.



### 7.2.- TIPOS DE MEMORIA.-

Podemos clasificar a memoria dende distintos puntos de vista:

A Polo tempo que duran os recordos:

- **MEMORIA A CURTO PRAZO (M.C.P.) OU INMEDIATA (M.I.)**
- **MEMORIA A LONGO PRAZO (M.L.P.)**

**M.C.P. ou M.I.** retén unha aprendizaxe durante un período de pouco tempo (segundos, minutos, como moito horas)

**M.L.P.** pode reter durante días, meses, anos... (A **M.L.P.** almacena incluso de forma inconsciente polo que facilita a reaprendizaxe )

B Pola maneira de gravar os recordos (Polo obxecto representado):

- **MEMORIA MECÁNICA OU PERCEPTIVA**
- **MEMORIA DE SENTIDO OU SIGNIFICADO**


**Memoria mecánica** ⇨ Recorda sobre todo: caras, nomes, datas... É unha **aprendizaxe memorística**

**Memoria de sentido ou significado** ⇨ Produce unha aprendizaxe que busca **COMPRENDER PARA APRENDER** . Busca o significado, a ESTRUCTURA DAS COUSAS.



### 7.3.- O ESQUECIMENTO.

Podemos definir o esquecemento como a imposibilidade de reproducir percepcións pasadas que foron fixadas e a pesar do esforzo realizado polo suxeito para lembralas.



É un fenómeno normal no psiquismo humano. Incluso necesario. Así, xunto á **MNEMOTECNIA** = **TÉCNICAS PARA FACILITAR O RECORDO**, temos a **LETHOTECNIA** = **TÉCNICAS PARA ESQUECER O QUE NON É INTERESANTE**.

As causas do esquecemento son fundamentalmente:

- a) Unha fixación deficiente da imaxe = mala aprendizaxe.
- b) A interferencia do aprendido con novas aprendizaxes.
- c) A represión. Segundo a Psicanálise tendemos a esquecer aquilo que nos desagrada.

## 7.4.- ENFERMIDADES DA MEMORIA.-

Poden ser enfermidades por defecto ou por exceso.



Por defecto

### AMNESIAS AFASIAS

Perda ou diminución da memoria.

- a) **Amnesia anterógrada.**- Imposibilidade de adquirir recordos a partir do momento no que se ten a enfermidade. Falla a fixación de imaxes.
- b) **Amnesia retrógrada.**- Non se poden evocar as imaxes de acontecementos pasados que xa foran fixados.

Tipos:

- **Amnesias “lacunares”**: período determinado do pasado, datas determinadas.
- **Amnesias electivas**: imaxes dun suceso ou persoa.
- **Amnesias progresivas**: vaise estendendo o grao de acción.

AFASIAS

Amnesias moi “especializadas”.

- a) **Apraxias**: Perturbacións das imaxes motoras reguladoras dos movementos.
  - **Apraxia verbal** = esquecemento da articulación das palabras.
  - **Agrafia** = esquecemento das imaxes motoras da escritura.
- b) **Agnosias**: Perturbacións conxuntas da memoria e da percepción. Imposibilidade de recoñecer obxectos.
  - **Agnosia visual ou cegueira psíquica** = **alexia**
  - **Agnosia auditiva** = **xordeira psíquica**.

Por exceso

- A) **HIPERMNESIA**
- B) **ECMNESIA**
- C) **PARAMNESIA**



A) Exceso de recordo. (Febre, somnambulismo, hipnose, perigo de morte??)

B) Alucinación do pasado. O pasado volve ser **vivido** (non lembrado) de novo. É un estado durante o que o suxeito **revive** escenas completas do seu pasado como se fosen presentes. (epilepsia, histeria, onirismo??)

C) Ilusión do xa vivido. O presente é tomado como algo pasado. Temos conciencia de que o que estamos a vivir xa o vivíramos nun momento do pasado. Sería algo máis que o “deja vu”. (suplir mediante fabulacións lagoas da memoria, reencarnación...??)

## 7.5.- OS “SETE PECADOS” DA MEMORIA.-

Recoméndase a análise do libre de Daniel Schacter: “Los siete pecados de la memoria”. Pode atoparse información interesante en wikipedia e nos seguintes enlaces:

<https://lamenteesmaravillosa.com/los-7-pecados-de-la-memoria-segun-daniel-schacter/>

<https://www.youtube.com/watch?v=reZ4YrgjuRo> (Programa Redes)

## TEMA 8: O COÑECEMENTO. PARTE III.- A INTELIXENCIA



### 8.1.- A INTELIXENCIA HUMANA.-



Tanto o ser humano como o animal viven inmersos nun ambiente que, se para o animal é sobre todo físico e biolóxico, para o ser humano é ademais social e espiritual.

Unha primeira definición xeral da intelixencia sería a que di que: **intelixencia é a facultade que nos permite poñernos en contacto coas cousas dun xeito racional.**

Por isto: **A MELLOR DEFINICIÓN DE INTELIXENCIA É QUE A INTELIXENCIA É A CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN ANTE NOVAS SITUACIÓNS.**

#### 8.1.1- SENTIDO DA CONDUCTA INTELIXENTE.-

Mentres as relacións entre o individuo e o mundo que o rodea se manteñan no que chama STERN: **AUTOEVIDENCIA**, é dicir, mentres non se produzan problemas, o suxeito non necesita actuar intelixentemente. Pero isto ocorre poucas veces, no que se refire ao ser humano, xa que o que caracteriza as relacións ser humano-ambiente é a súa **INESTABILIDADE** e a súa **COMPLEXIDADE CRECENTE**. En tales circunstancias, vémonos obrigados a realizar un proceso intelectual para dar á situación unha resposta axeitada.



Esta capacidade de solucionar situacións atopámola nalgúns animais moi evolucionados, e sobre todo, no ser humano. Pero este comportamento intelixente implica tres factores fundamentais no suxeito:

- COMPRENDER A SITUACIÓN
- INVENTAR A SOLUCIÓN
- ACTUAR EN CONSECUCENCIA.



#### 8.1.2- CARACTERÍSTICAS DA INTELIXENCIA HUMANA.-

Durante séculos, o que sucedeu, é que filósofos e psicólogos non recoñeceron outra forma de intelixencia que non fose a humana, conceptual e lóxica, expresada a través da linguaxe.

Na actualidade, a partir dos experimentos de **KÖHLER**, **BITTERMAN** e o matrimonio **KELLOG**, feitos con animais, estúdiase unha forma de intelixencia máis primitiva ca humana, pero que se distingue claramente do instinto, aínda que non sexa abstracta (segue en feitos concretos) e estea unida ás necesidades biolóxicas.

A esta forma “primitiva” de “intelixencia animal” adóitaselle chamar ⇨  
**INTELIXENCIA PRÁCTICA,**



deixando para a “intelixencia do ser humano” as denominacións de ⇨

### **ENTENDEMENTO e RAZÓN.**

☞ A orixe do que denominamos **INTELIXENCIA PRÁCTICA** atópase no que **BERGSON** chamou “**A EVOLUCIÓN CREADORA**”.

Segundo Bergson, primeiro apareceu a **INTELIXENCIA ARTESÁ PRÁCTICA** do homo faber = homo hábilis e posteriormente xurdiu a **INTELIXENCIA** do homo sapiens ⇨ **INTELIXENCIA RACIONAL E LÓXICA = ENTENDEMENTO ou RAZÓN.**

Esta última intelixencia vai máis alá do concreto, do biolóxico, das necesidades inmediatas e chega ata o abstracto, o non necesario bioloxicamente.



(Véxanse os estudos de **WOLFGANG KÖHLER** ou **VATSURO:**  
<https://filosofaralos16.webnode.es/medio-anim-al-y-mundo-humano/algunos-experimentos/>  
<http://e-ducativa.catedu.es/44700165/aula/archivos/repositorio/1250/1254/html/index.html>)

### **8.1.3.- A MEDIDA DA INTELIXENCIA.-**

A intelixencia non se pode medir con toda precisión, como se podería, por exemplo medir a lonxitude dunha mesa.

O que realmente se mide non é a intelixencia, senón determinados resultados da actividade da intelixencia. É dicir, hai que recorrer ás manifestacións da intelixencia para lograr unha medida que dalgún modo sexa indicativa da capacidade ou aptitude do individuo. Esta medida indirecta da intelixencia realízase a través dos **test mentais**. Ben feitos, dan un valor de certa probabilidade sobre o grao de intelixencia dun suxeito.

As tres calidades básicas dun test son:

- Fidelidade: Un test aplicado dúas veces a un mesmo suxeito dá resultados idénticos.
- Sensibilidade ou finura discriminativa: Cantas máis escalas teña o test para a clasificación dos suxeitos máis sensible é. (Se só distingue (discrimina) entre persoas “listas” e “parvas” sería un test pouco sensible, un test malo).
- Validez: Un test é válido se mide o que deba medir. (Se é de intelixencia non ten por que medir moralidade, ou sexa, non virían a conto polo medio preguntas tales como: “¿é vostede bo coas demais persoas?”, etc.).

### **8.1.4.- UNIDADES DE MEDIDA DA INTELIXENCIA.-**

1) **A IDADE MENTAL.-** Creada por BINET en 1908. Pensaba que a cada idade cronolóxica do suxeito lle correspondía un nivel mental ou grao de intelixencia, ao que chamou idade mental. Viuse que era unha unidade moi imprecisa. Foi substituída por:

2) **O COCIENTE (COEFICIENTE) INDIVIDUAL.**- Desenvolvido por WILHELM STERN. Stern decatouse de que un adianto dun ano na idade mental sobre a cronolóxica non tiña o mesmo significado aos 4 anos que aos 12, por exemplo, e supoñía un avance moito maior na primeira idade. A súa fórmula:

$$CI = \frac{IM}{IC} \cdot 100$$

**CI= Cociente (coeficiente) individual**

**IM = Idade Mental**

**IC = Idade cronolóxica**


Por exemplo, apliquemos a fórmula a un neno de 4 anos que tela unha idade mental de 5 e a outro de 12 que teña unha idade mental de 13 e vexamos as claras diferencias:

$$CI = \frac{5}{4} \times 100 = 125$$

$$CI = \frac{13}{12} \times 100 = 108$$

A partir destes traballos fixo un listado dos coeficientes intelectuais segundo os resultados acadados nos test. Así temos:

- **0 a 24: idiotas**
- **25 a 49: imbéiles**
- **50 a 69: débiles mentais**
- **70 a 79: “borderlines” ou fronteirizos**
- **80 a 89: normais mediocres**
- **90 a 109: normais medios**
- **110 a 119: normais superiores**
- **120 a 129: superiores**
- **130 ou máis: moi superiores ou xenios.**



3) **A DESVIACIÓN TÍPICA.**- Aínda que a unidade de medida máis estendida é o coeficiente intelectual, a desviación típica considérase hoxe en día a mellor de todas as unidades de medida.

É un método complexo baseado en mostras, medias aritméticas de grupos de individuos concretos, etc.

Por exemplo: Se a media aritmética dunha mostra de individuos é 55 e concluímos despois de análises, test, probas, que a desviación típica (senalada coa letra minúscula sigma grega:  $\Phi$ )  $\Phi$  é de 14, entón un suxeito que conseguira 83 puntos estaría  $+2\Phi$  da zona de normalidade. E se outro suxeito ten 41 puntos estaría a  $-1\Phi$ . Entre  $+1\Phi$  e  $-1\Phi$  atoparíamos o intervalo de zona de “normalidade”. Por debaixo: débiles mentais, imbéiles... e por arriba superiores e mos superiores.

### 8.1.5.- INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Unha boa forma de reflexionar sobre a intelixencia humana e facéndoo en relación ao que hoxe chamamos Intelixencia Artificial (I.A), relacionada co “deep learning”, a autoaprendizaxe ou a capacidade para autoprogramarse dos algoritmos. Unha das súas aplicacións máis visibles é o coche autónomo, cuxa xeneralización nos presenta importantes dúbidas éticas, xa que parece que perdoamos menos os erros das máquinas que os dos humanos. Alan Turing, pai da informática, propuxo o Test de Turing para saber se unha máquina era intelixente: dada a dificultade de definir a intelixencia el propoñía que o sería se era capaz de enganar a alguén sendo indistinguible nas súas respostas dun ser humano. Podes ampliara a información aquí e noutros moitos lugares: <https://www.xataka.com/robotica-e-ia/gpt-3-nuevo-modelo-lenguaje-openai-capaz-programar-disenar-conversar-politica-economia>. Todo este tema deu lugar a unha importante literatura en filosofía da mente e é fontes de inspiración para obras de ciencia-ficción, tal e como se ve no filme Blade Runner.

### 8.1.6.- A INTELIXENCIA EMOCIONAL.-

Por que unha persoa cun brillante expediente académico non sempre logra máis éxito profesional? Por que algunhas persoas desfrutan máis da vida que outras? Por que uns son fortes en condicións adversas (pensa nunha oposición) mentres que outros afúndense á primeira?

O psicólogo **DANIEL GOLEMAN** responde a estes interrogantes na súa obra *Inteligencia emocional* (1995), onde **RESALTA O PODER DOS SENTIMENTOS E EMOCIÓNS FRONTE Á FRÍA LÓXICA RACIONAL, PORQUE LIBRES DE EMOCIÓN NON SERÍAMOS HUMANOS.**

Para D. Goleman a **intelixencia emocional é a forma de interactuar co mundo**, e engloba habilidades como o **control dos impulsos**, a **motivación**, a **perseveranza** ou a **empatía**. Elas configuran característica da personalidade como a **autodisciplina**, a **compaixón** ou o **altruísmo**, indispensables para a adaptación social.

Goleman destaca cinco habilidades da intelixencia emocional:

1. **CONCIENCIA DUN MESMO.** Trátase de coñecernos a nós mesmos (virtudes, debilidades, emocións e impulsos), darnos conta do que sentimos ou necesitamos, para dirixir mellor as nosas vidas. Esta competencia **maniféstase en persoas que pensan antes de actuar e se responsabilizan dos seus actos.**
2. **AUTOCONTROL EMOCIONAL.** É a habilidade de controlar as nosas emocións e impulsos para adecualos a un obxectivo. **As persoas que posúen esta competencia controlan o estrés e a ansiedade ante situacións difíciles e son flexibles ante os cambios e as novas ideas.**
3. **AUTOMOTIVACIÓN.** É a capacidade de motivarse un mesmo para lograr os nosos obxectivos. Isto supón **saber demorar a gratificación e sufocar a impulsividade, non renderse á ansiedade ou ao derrotismo, cando tropezamos coas dificultades e contratempos da vida.**
4. **RECOÑECER AS EMOCIÓNS DOS DEMAIS.** A **empatía é a capacidade de «poñernos no lugar dos demais».** As persoas empáticas son **capaces de escoitar a outros e entender os seus problemas ou necesidades. Isto permítelles transcender os prexuízos e estereotipos, aceptar as diferenzas e ser tolerantes**, aptitudes moi necesarias nunha sociedade multicultural.
5. **ESTABLECER RELACIÓNS.** É o talento para dirixir as relacións cos demais, saber persuadir e influenciar aos demais. As habilidades que conleva son a **base do liderado e da eficiencia interpersoal.** Unha persoa con habilidades sociais **sabe liderar grupos e dirixir cambios, traballar en equipo e crear bo ambiente dentro dun grupo.**

A vida emocional (como xa temos visto no tema 2: “Fundamentos biolóxicos da conduta”) crece nunha área do cerebro chamada **sistema límbico**, sobre todo na **amígdala**, que funciona como unha especie de **vixía da mente**. Aí nacen as sensacións de pracer ou desgusto, de ira ou medo. Pero **é no neocórtex onde se procesan os sinais interiores ou exteriores, o que nos permite facer planes e ter expectativas.** Esta dicotomía fai que OS NOSOS ACTOS DEPENDAN DE DÚAS MENTES: UNHA EMOTIVA E OUTRA RACIONAL. AS DÚAS FUNCIÓNS SON INTELIXENTES E SE COMPLEMENTAN.

**NON PODEMOS ELIXIR AS NOSAS EMOCIÓNS, NIN SE PODEN DESCONECTAR OU EVITAR, PERO SI PODEMOS CONTROLAR AS NOSAS REACCIÓNS EMOCIONAIS E DESENVOLVER A NOSA INTELIXENCIA. A HABILIDADE PARA SUAVIZAR EXPRESIÓNS DE IRA, ODIO OU IRRITABILIDADE É IMPORTANTE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS.**

### **8.1.7.- AS INTELIXENCIAS MÚLTIPLES.-**


**Howard Gardner**, psicólogo da Universidade de Harvard, establece unha nova concepción sobre a intelixencia no seu libro *Frames of Mind: The Theory of Multiple Intelligences* (1983): A SÚA TEORÍA DAS INTELIXENCIAS MÚLTIPLES. Esta teoría baséase en investigacións no ámbito das ciencias cognitivas, da psicoloxía evolutiva e da neurociencia de pacientes con danos cerebrais, persoas superdotadas e con nenos de diferentes culturas.

H. Gardner considera que **A INTELIXENCIA É UNHA MESTURA DE DESTREZAS PARA CREAR, APRENDER E RESOLVER PROBLEMAS, QUE PERMITE AO INDIVIDUO RESOLVER AS SITUACIÓNS DA VIDA E FACER ALGO VALIOSO PARA UNHA COMUNIDADE OU CULTURA.** A maioría dos individuos teñen todas esas intelixencias, aínda que o seu desenvolvemento depende da dotación biolóxica, da súa interacción co entorno e da cultura imperante no seu momento histórico. **As intelixencias combínanse e úsanse en diferentes graos de xeito persoal e único.**

Todos sabemos que algunhas persoas aprenden con máis facilidade que outras, que hai diferenzas entre persoas que se desenvolven nun medio social ou outro, e de igual maneira que existen diferentes personalidades, hai distintos perfís intelectuais.

A continuación presentamos unha breve descrición dos oito tipos de intelixencia:



1. **INTELIXENCIA LINGÜÍSTICA.** É a capacidade para usar palabras de maneira efectiva, sexa en forma oral ou por escrito. Esta intelixencia inclúe as habilidades que se relacionan co dominio da linguaxe: a poética (os creadores da linguaxe), a retórica dos políticos (a linguaxe para persuadir a outros), a mnemotecnia (a linguaxe para recordar información), a explicación (dar argumentos) e a metalinguaxe (a linguaxe para falar sobre a linguaxe). **É propia de poetas, escritores, oradores e avogados.**
2. **INTELIXENCIA LÓXICO-MATEMÁTICA.** É a habilidade para utilizar os números e razoar adecuadamente. Esta intelixencia inclúe a comprensión dos esquemas e relacións lóxicas, as proposicións (se-entón; se e só se..., entón; causa-efecto) e as abstraccións. Os procesos que esta intelixencia utiliza comprenden a categorización, a clasificación, a inferencia, a xeneralización, o cálculo e a demostración de hipóteses. **É característica de científicos, filósofos, matemáticos e programadores informáticos.**
3. **INTELIXENCIA ESPACIAL.** É a aptitude para percibir de forma correcta o mundo visual espacial (explorador e guía) e executar transformacións sobre esas percepcións (**enseñeiro, arquitecto, artista, decorador e inventor**). Esta intelixencia inclúe a sensibilidade á cor, á forma, ao espazo e ás relacións que existen entre estes elementos.
4. **INTELIXENCIA MUSICAL.** É a capacidade de transformar (un **compositor**), expresar (un **músico** que toca o violín), discriminar (**crítico musical**) e escoitar (un **aficionado á música**) as formas musicais. Esta intelixencia inclúe a sensibilidade ao ritmo, ao ton ou á melodía dunha peza musical.
5. **INTELIXENCIA CORPORAL-CINESTÉSICA.** É a habilidade para usar o corpo na expresión de ideas e sentimentos, e o uso das mans para transformar elementos. Inclúe habilidades de coordinación, destreza, equilibrio, flexibilidade, forza e velocidade, así como a capacidade cinestésica. Manifestase en **atletas, bailaríns, cirurxiáns e artesáns.**
6. **INTELIXENCIA INTRAPERSONAL (COÑECAMENTO DE SI MESMO).** Consiste en comprender os propios pensamentos, sentimentos e emocións para guiar a propia conduta. Esta intelixencia supón ter unha autoimaxe precisa (virtudes e limitacións), conciencia dos estados de ánimo, coñecer os propios motivos ou desexos, e ter autocompreensión e disciplina. É característica de psicólogos, filósofos e artistas.



7. **INTELIXENCIA INTERPERSOAL (CAPACIDADES SOCIAIS).** É a habilidade de entender e interactuar ben cos demais. Esta intelixencia inclúe a sensibilidade ás expresións faciais, a voz e os xestos, a capacidade para discriminar diferentes clases de sinais interpersoais e saber responder de maneira efectiva na práctica (por exemplo, influenciar a un grupo de persoas para seguir unha liña de acción). **É propia de educadores, médicos e políticos.**
8. **INTELIXENCIA NATURALISTA.** É o talento para distinguir, clasificar e recoñecer plantas, animais e outros elementos do entorno natural. Foi incorporada por Gardner en 1995. Inclúe as habilidades de observación e reflexión e predomina en **persoas con gran sensibilidade cara a natureza e os animais.**

SE CONSIDERAMOS QUE A TEORÍA DE GARDNER É CORRECTA, AS PROBAS DE CI TRADICIONAIS SÓ MIDEN UNHA PARTE DA INTELIXENCIA: AS HABILIDADES LINGÜÍSTICAS, LÓXICO-MATEMÁTICAS E ESPACIAIS. **UNHA IMPLICACIÓN DESTA TEORÍA É QUE AS ESCOLAS DESPERDICIAN O POTENCIAL HUMANO. E AGORA QUE COÑECEMOS OS TIPOS DE INTELIXENCIA E OS ESTILOS DE ENSINANZA-APRENDIZAXE, É ABSURDO QUE SIGAMOS INSISTINDO EN QUE TODOS OS ALUMNOS APRENDAN AS MESMAS COUSAS E DA MESMA MANEIRA.**

Por tanto, **OS SISTEMAS EDUCATIVOS DEBEN CONSEGUIR QUE O PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE SEXA UNHA PRÁCTICA PERSONALIZADA E DESCUBRIR OS TALENTOS DE CADA PERSOA, QUE CAMPOS DO COÑECEMENTO LLE ATRAEN MÁIS E ONDE PODERÍA DESENVOLVER MELLOR AS SÚAS HABILIDADES.** Na sociedade actual comézanse a valorar habilidades como a **creatividade, coñecer as emocións e saber interpretar situacións sociais da vida.**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  <p><b>Lingüística</b> CERVANTES</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Habilidades para producir y utilizar el lenguaje.</li> <li>Poetas, novelistas, escritores.</li> <li>Shakespeare, T. S. Eliot, Dostoievski, Noam Chomsky.</li> </ul> |  <p><b>Lógica-matemática</b> EINSTEIN</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidad para la resolución de problemas y el pensamiento abstracto.</li> <li>Matemáticos, científicos, filósofos.</li> <li>Gauss, Bertrand Russell.</li> </ul> |  <p><b>Musical</b> MOZART</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidad para componer e interpretar piezas musicales.</li> <li>Saber escuchar y juzgar.</li> <li>Compositores, músicos, intérpretes.</li> <li>Bach, Beethoven, Yehudi Menuhim.</li> </ul>                                      |  <p><b>Espacial</b> LEONARDO</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Habilidad para percibir el mundo, transformar las imágenes visuales o espaciales y recrear experiencias.</li> <li>Ingenieros, arquitectos, escultores, cirujanos, jugadores de ajedrez.</li> <li>Miguel Ángel, Picasso.</li> </ul> |
|  <p><b>Corporal-cinética</b> CHAPLIN</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dominio del cuerpo.</li> <li>Manipulación hábil de objetos.</li> <li>Actor, bailarín, atleta.</li> <li>Nuréyev, Nuria Espert.</li> </ul>                       |  <p><b>Naturalista</b> DARWIN</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Identificación y caracterización de objetos naturales.</li> <li>Biólogos, naturalistas.</li> <li>Watson, Crick, K. Lorenz, Barbara McClintock.</li> </ul>               |  <p><b>Interpersonal</b> GANDHI</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidad de comprender a los demás: cuáles son sus motivos, cómo trabajar y cooperar con ellos.</li> <li>Antropólogos, profesores, dirigentes políticos o religiosos.</li> <li>Martin L. King, Anne Sullivan.</li> </ul> |  <p><b>Intrapersonal</b> FREUD</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidad de percibir los propios sentimientos y el estado de ánimo.</li> <li>Psiquiatras, psicólogos, novelistas.</li> <li>M. Proust, Virginia Woolf.</li> </ul>                                                               |

## TEMA 9: A REALIDADE COMO PRAXE. A ACCIÓN HUMANA.-



### 9.1.- OS MOTIVOS DO SER HUMANO.-

Ata o de agora consideramos soamente o coñecemento humano, tanto no seu aspecto sensorial e perceptual como intelectual. Pero é obvio que o ser humano non se limita a coñecer. O coñecemento desempeña unha importante función, pero non a única, nin tan sequera a principal. Mediante o coñecemento, o ser humano ponse en contacto co mundo, ten "noticia" del. Pero isto determina a posta en marcha dunha serie de "tendencias" ou "impulsos" que constitúen a parte esencialmente dinámica do comportamento: **A ACCIÓN HUMANA**.

¿Por que actúan os seres humanos? ¿Cales son as determinantes da súa conducta? A acción pódese explicar, en principio, de tres maneiras diferentes:

- a) Como resposta a un estímulo externo. Aquí non habería tendencias e falaríamos de "reflexos".
- b) Pódese explica-la acción como proposta. Todo dependerá aquí das tendencias interiores do ser humano.
- c) Posición intermedia, que explique a conducta, en parte por estímulos externos e en parte por esas estruturas internas (tendencias). É a explicación máis coherente.

Se admitimos, entón, que existe nos organismos un **sistema "tendencial"**, haberá que tratar de ver cales son os principais **MOTIVOS HUMANOS**.

O termo motivo deriva do latín "motus"= movemento. O motivo é o que move á acción, aquilo polo que se actúa, que no ser humano adoita ter un matiz finalista ("Fago isto para conseguir tal cousa"). Os motivos do ser humano, en xeral, están constituídos por todo aquilo que se desexa. O desexo é o motor da acción.

Nun sentido amplo convén distingui-los motivos racionais voluntarios daqueles simplemente biolóxicos. Hai moitas cousas que desexamos dun xeito consciente e voluntario pero tamén hai en nós desexos que a nosa vontade non acepta (ben sexa porque se consideran perigosos ou moralmente malos, etc.). Temos así desexos reprimidos e desexos instintivos, que aínda que non reprimamos non son puramente voluntarios (comer, frío...)

O ser humano comparte moitos desexos básicos cos animais. Nun sentido concreto, teríamos que dicir que os motivos son aquilo que o ser humano se propón coma fin, ou aquilo que racionalmente lle impulsa á acción. O problema é se o ser humano pode propoñerse fins. Pero este xa é o problema da liberdade.

### 9.2.- CLASIFICACIÓN DOS MOTIVOS.-

O intento de clasificar os motivos é un traballo con moitas dificultades e con dubidoso sentido científico. Como dicía o gran psicólogo español José Luís Pinillos: ***"As necesidades humanas son inclasificables, porque o ser humano é capaz de necesitalo todo, incluso o que non existe máis que na súa imaxinación"***


Os psicólogos fixeron repertorios ou listas das necesidades ou motivos básicos do ser humano. Algunhas listas son breves, outras enormes. De todas maneiras, o importante é o criterio que se utilice par facer estas clasificacións. O criterio que debe prevalecer é o da **UNIVERSALIDADE**, é dicir, que sexan motivos de todo ser humano, polo menos cunha ampla marxe de probabilidade.

Unha primeira clasificación sería a distinción entre **MOTIVOS PRIMARIOS** e **MOTIVOS SECUNDARIOS**.


Os primarios serían necesidades fundamentalmente biolóxicas, case sempre inevitables, que actúan en todos os seres humanos.

Os secundarios non teñen ese carácter de ineludibles. Adoitan ter un matiz social ou cultural e poden variar segundo as épocas, culturas, razas...

Podemos facer o seguinte cadro de motivos seguindo esta distinción básica:



Outras clasificacións dos motivos salientables son:



**TEORÍA BILATERAL** ⇒ Os dous únicos motivos das acción humanas son:

- ↳ O INSTINTO DE CONSERVACIÓN
- ↳ O INSTINTO DE REPRODUCCIÓN

## 9.3.- DINÁMICA DA MOTIVACIÓN.-



### 9.3.1.- MOTIVACIÓN E AFECTIVIDADE.-

Toda a motivación humana está tinguida, recuberta por algunha afectividade, que pode ir dende a emoción intensa ata o sentimento máis apracible, tranquilo.

A afectividade caracterízase fundamentalmente por ser unha **EXPERIENCIA ALXEDÓNICA** (sentido alxésico), é dicir, unha **EXPERIENCIA DE DOR E PRACER**, de agrado ou desagrado.


Os psicólogos estudaron este complexo mundo das emocións e hai **MÚLTIPLES TEORÍAS** para explicar a súa orixe.

Destas teorías o que nos interesa é que en xeral establecen que:

CONSECUCIÓN DE MOTIVOS ⇒ leva emparellada **VIVENCIA HEDÓNICA = PRACER OU AGRADO**.



NON CONSECUCIÓN DE MOTIVOS ⇒ leva emparellada **VIVENCIA DE DOR OU DESAGRADO**.



(Dor e pracer entendidos non só en sentido físico, senón nun sentido amplo).

↪ Neste complicadísimo campo da afectividade, faise unha distinción básica entre **EMOCIÓN**s e **SENTIMENTOS**, aínda que poderíamos dividir a vida afectiva en tres aspectos:

a) **A emoción**.- Estado afectivo intenso, pero breve. Acompañado case sempre dunha forte conmoción somática: aumento pulsacións, suoración, rubor. Ex.: torrente.

b) **A paixón**.- Estado afectivo intenso, aínda que menos ca emoción, pero máis duradeiro. Ex.: río.

c) **O sentimento**.- Estado afectivo máis duradeiro que a emoción e menos intenso que a paixón. Ex.: mar.

Exemplos psicolóxicos: Emoción → **medo, ira**

Paixón → **amor** (“paixón amorosa”)

Sentimento → **amizade**.



### 9.3.2.- MOTIVACIÓN E INCENTIVOS.-

O feito de que o pracer e a dor sexan estados afectivos unidos á consecución ou non consecución dos motivos, fai que se poida estudar a dinámica da motivación dende dous ángulos distintos:

- a) O resultado de reforzar unha conducta mediante INCENTIVOS de tipo HEDÓNICO.
- b) O resultado de aplicar correctivos ou CASTIGOS para modificar a conducta ou facer que non se realice.

↳ O primeiro ángulo é o dos **incentivos ou reforzos**. **Reforzo** sería todo o que aumenta a **probabilidade de que un suxeito realice unha acción**. Estudiado sobre todo por **SKINNER**.

Podemos distinguir dúas clases:

- **Reforzo positivo**: É aquel reforzo que incrementa a probabilidade dunha conducta mediante a **presencia ou logro dun estímulo agradable**. (Ex.: domadores ⇒ azucre cabalos).

- **Reforzo negativo**.- É aquel reforzo que incrementa a probabilidade dunha conducta mediante a **supresión dun estímulo desagradable**. (Ex.: redución de pena (est. desagradable) a delinciente por bo comportamento).



### 9.3.3.- O CASTIGO.-

Non debemos confundir entre reforzo negativo e castigo.

¡¡Mentres que **o reforzo, sexa positivo ou negativo, aumenta a probabilidade de que se realice determinada conducta, o castigo tende a diminuír esta probabilidade!!**

O castigo pode ser tamén positivo ou negativo.

- **Castigo positivo**: Actúa por **imposición ou presenza de algo que desagrada**. (Ex.: non estudias ⇒ copias 5.000 veces...; maltrato: pegar, golpear...).



- **Castigo negativo**: Actúa **quitando algo que agrada ou retendo unha recompensa esperada** (Ex.: non estudias ⇒ non vas ao cine).

⇒ O problema do castigo e a súa eficacia é un asunto de gran interese para a investigación psicolóxica.

Vexamos algúns razoamentos e conclusións destas investigacións:

✓ O castigo, tanto positivo como negativo, pódese aplicar por dúas razóns fundamentais:

1.- Porque se fixo algo mal, algo malo ⇒ Búscase co castigo un **EFFECTO INHIBIDOR**, que non se volva facer.

2.- Porque non se fixo algo ben ⇒ Búscase un **EFFECTO “REFORZADOR”**, que se chegue a facer ben.

Por exemplo:

1.- Azoutes a un neno por romper pratos ⇒ o que se quere é que non volva romper pratos.

2.- Azoutes a un neno por non saber a lección ⇒ o que se quere é que estudie.

✓ En calquera dos casos, o castigo ten como principal fin **EVITAR UN COMPORTAMENTO NON DESEXADO**. ¡Pero, o malo, é que **O CASTIGO NON ENSINA A SELECCIONAR A CONDUCTA ACEPTABLE**. O NENO QUE ESTUDIA POR MEDO AO CASTIGO PODE NON SABER CÓMO DEBE ESTUDIAR. O único que se consegue ¡¡se cadra!! é que o neno deixe de ter unha actitude de NON-ESTUDIO!!

✓ **A MOTIVACIÓN POR MEDO pode ter certa eficacia só para NON-FACER, non para facer algo no seu lugar, e menos para facelo ben.**

✓ Viuse en estudos con animais que para que o castigo fora eficaz (en canto a conseguir cambio de comportamento) tiña que ser intenso. Aplicado isto ao ser humano ocorre o seguinte (común cos animais):

1º) **lesións físicas**

2º) **Un castigo irracional ou excesivamente duro** (sobre todo se ao suxeito non se lle ofrecen liñas alternativas de conducta) **PROVOCA FRUSTRACIÓN E AGRESIVIDADE**.

### 9.3.4.- A FRUSTRACIÓN.-



#### 9.3.4.1.- DEFINICIÓN DE FRUSTRACIÓN.-


É o tema máis tratado na psicoloxía.

Os seres humanos non conseguimos sempre os nosos desexos. Máis ben sucede ao contrario. E sempre que o nosos desexos se ven insatisfeitos, sentimos en maior ou menor grao unha frustración.

**A frustración é un estado psíquico no que se atopa un suxeito ao verse privado da satisfacción lexítima - ou que el cre lexítima - dun desexo ou necesidade.**

Neste estado psíquico hai sempre reaccións afectivas negativas:

- dor
- tristeza
- sentimento de fracaso...



#### 9.3.4.2.- CAUSAS DA FRUSTRACIÓN.-

As causas produtoras da frustración son, sobre todo, as seguintes:

a) **Os obstáculos ou barreiras.-** Obstáculo é todo aquilo que se interpón na satisfacción das nosas necesidades.

Poden ser:

- físicos: (Ex.: non poder chegar a un cumio por culpa dunha rocha, dunha pendente, etc....; vou xogar ao xadrez e resulta que o taboleiro está estragado....)

- sociais: (Ex.: normas de urbanidade: non comer cos dedos, etc.)

- morais: (Ex.: leis morais. A chamada “falsa moralidade”).

b) **As deficiencias.-** Consisten en limitacións, ben físicas, ben psíquicas, que impiden ao suxeito obter os seus propósitos e satisfacer os seus desexos.

¡Se son defectos propios, o lóxico sería que non se producira frustración, xa que esta se orixina se o suxeito se cre indebidamente privado da satisfacción dun desexo. Pero o problema é que **resulta moi difícil recoñecer as propias limitacións!**

(Ex.: nivel de vida: buscar metas desproporcionadas ou inalcanzables)

c) **Os conflitos.-** Un conflito prodúcese cando o suxeito persegue obxectivos que son incompatibles; ou sexa, a satisfacción dunha necesidade exclúe a outra.

(Ex. Quedar na casa a estudar ≈ ir a unha festa con colegas;

Comer ≈ conservar a liña;


Satisfacción sexual, agresiva ≈ respectar moral, conservar dignidade.)

Estas tres causas (obstáculos, deficiencias, conflitos) actúan normalmente interrelacionadas.

### 9.3.4.3.- CONSECUENCIAS E OBXECTO DA FRUSTRACIÓN.-

A frustración orixina reaccións afectivas negativas como a dor, a tristeza e o sentimento de fracaso. Pero hai que sinalar que a consecuencia máis profunda da frustración é a **AGRESIVIDADE**.

A agresividade que orixina a frustración non é aquela na que o ser se autoafirma e para isto non foxe da loita, senón aquela na que se dá un **COMPORTAMENTO HOSTIL E DESTRUTOR**.



A agresividade (agresión) pode ser física ou verbal, pero o característico é que a resposta hostil é sempre desproporcionada respecto ao estímulo.

(Ex.: condutor “frustrado” → pequena colisión → insulta gravemente e incluso golpea).

**K. LORENZ** (importantísimo etólogo, premio Nobel), no seu libro “*Sobre a agresión*” sacou a conclusión de que a agresividade entendida como conducta hostil, chea de odio é típica da especie humana, é dicir, practicamente ¡non se dá entre os animais!!

O **OBXECTO** cara ao que se dirixe a agresividade pode ser variado.

a) Xeralmente, ese obxecto é aquilo que non nos deixou satisfacer o desexo (Ex.: alumno suspendido → obxecto agresividade → mestre, profesor).

b) Cando ese obstáculo que nos impediu o desexo é tan poderoso, ¡¡ou non resulta tan poderoso!! que non o podemos agredir, prodúcese entón o fenómeno denominado **TRANSFER** → o desprazamento da nosa agresividade a outro obxecto que si está “ao noso alcance” (Ex.: empregado → non se “pode” enfrontar ao xefe → “págano” muller e fillos.)



c) Outras veces o desprazamento da agresividade realízase cara ao propio suxeito, que se fai obxecto dela. Séntese inútil, **culpable dos seus fracasos**. Isto lévaos a un **SENTIMENTO DE INFERIORIDADE + DEPRESIÓN QUE PODE CONDUCIR AO SUICIDIO**.



### 9.3.4.4.- DEFENSAS ANTE AS CONSECUENCIAS DA FRUSTRACIÓN.-

É evidente a **perigosidade** que ten para o noso psiquismo a frustración, o que fai que o noso organismo teña unha serie de **mecanismos psíquico de AUTODEFENSA** contra ela. Os máis importantes son:

a) **A racionalización.**- Con ela preténdese xustificar unha conducta frustrante. (P.Ex.: Sería o caso dunha persoa, un xuíz que despois de tomar unha resolución inxusta, ben por medo ou por unha recompensa → logo racionaliza a súa conducta dicindo que o prexudicado era “malo” ou “indigno”, etc. Tenta xustificar,

racionalizar a súa conducta transformando a súa resolución inxusta (que o frustra) porque no fondo é innobre, en xusta (“tiña malos antecedentes”, “mala pinta”, etc...)



b) **A proxección.-** Consiste en atribuír aos demais características da nosa conducta e do noso carácter que consideramos indeseables. Propio de personalidades paranoides. “Pensa o ladrón...”.

c) **A identificación.-** Consiste en atribuírnos calidades desexables que posúen os demais. Adoita ir unida á proxección. Produce no suxeito a chamada **MENTALIDADE MANIQUEA OU DE “FAR-WEST”** (“bos-malos”; “indios-vaqueiros”). Normalmente dáse en grupos.

d) **A reacción.-** O suxeito acentúa na súa conducta aqueles aspectos da súa personalidade nos que se sente deficiente.

(P.Ex.: Tímido que semella ser o máis “enrollado”; Ignorante que tenta aparentar saber moito, etc.).

e) **A represión.-** Importantísima na Teoría Psicanalítica. Consiste nunca ocultación inconsciente dos impulsos desagradables.

Segundo a Psicanálise (Freud, Jung), a Represión pode producir **GRAVES TRASTORNOS PSÍQUICOS**, como:

- **NEUROSE**
- **PSICOSE.**



f) **A substitución por sublimación.-** Consiste en substituír impulsos e desexos que consideramos “baixos” ou “rexeitables” por outros considerados “superiores”.

Para a Psicanálise, gran parte das creacións artísticas, morais ou relixiosas teñen a súa orixe na

**sublimación do instinto sexual** (Exs.: Dalí , Jim Morrison , Kafka , Hitchcock ...)

g) **A substitución por compensación.-** Substitúese unha deficiencia polo triunfo noutra actividade. (P.ex.: Feo, torpe, esmirrado → intelectual para compensar deficiencias físicas; Ex.: “chapón” pouco agraciado; Ex.: “Cachas”, bo xogador, musculoso → Mal estudante).

h) **A substitución por supercompensación.-** Consiste en superar unha deficiencia ata chegar a eliminala, e incluso destacar no campo no que se era deficiente. (Exs.: Demóstenes  → tatexo, tartamudo → gran orador Grecia; Ken Carlsson → poliomielite → gran xogador tenis sueco).



### 9.3.5- A VONTADE.-



#### 9.3.5.1.- O PROBLEMA DA VONTADE.-

Todo o tema dos desexos humanos colócanos ante un problema especificamente filosófico: o da VONTADE.

Xa sabemos que pode haber desexos practicamente involuntarios, pero tamén existen desexos que propón o ser humano dun xeito RACIONAL E CONSCIENTE.

Un dos centros fundamentais de conflito en todo o pensamento filosófico e psicolóxico será o de sinalar ata que punto estes desexos realizados de forma voluntaria (racional + consciente), son tamén realizados libremente.

#### 9.3.5.2.- VONTADE E INTELIXENCIA.-



Podemos observar decotío que non se debe confundir "forza de vontade" con capacidade para comprende-los problemas con claridade.

Así podémonos atopar cunha persoa de intelixencia esperta e brillante pero de vontade débil, do mesmo xeito que nos podemos atopar cunha persoa non excesivamente intelixente pero con gran vontade.



Dende esta perspectiva "pre-filosófica" semella que se poden distinguir sen problemas vontade e intelixencia.

Pero a un amplo nivel, pódese afirmar que sen intelixencia é difícil falar de conducta voluntaria, en canto conducta que intenta comprender uns obxectivos afastados e difíciles.

#### 9.3.5.3.- FASES DO ACTO VOLUNTARIO.-

O acto voluntario, aínda que sexa unitario no tempo, require unha serie de fases, que o diferencian do simple impulso animal, do conseguir irracionalmente unha cousa, sexa como sexa.

COUSIN estableceu tres fases:

1ª) Predeterminación do acto a realizar.

2ª) A deliberación dos motivos pros e contras para realizalo.

3ª) A decisión.



Posteriormente, WILLIAM JAMES perfeccionou este esquema, e fixo o seguinte, baseado en 4 fases, que aínda hoxe é admisible:

1ª) A representación dun fin a alcanzar. ("nada é querido se antes non é coñecido")

2ª) Deliberación.

3ª) Decisión.

4ª) Execución.

Tódalas fases danse necesariamente no acto voluntario (ás veces moi rápido, outras non). A execución tamén ten que se dar, non sendo nos casos de auténtica imposibilidade. Unha conclusión de moitos psicólogos é: "Soamente se quere aquilo que se executa". Polo tanto, se querer é decidir, a verdadeira decisión consiste en executar. (Ex.: "Eu quero facelo, pero logo non sei o que me pasa que non o fago" En realidade, non o queres facer).

Nos últimos anos discutiuse a validez do esquema de W. JAMES, sobre todo por parte de BERGSON, SARTRE e os psicanalistas.

A súa crítica céntrase, sobre todo, na fase de deliberación. Din que a decisión é anterior á deliberación. Pensemos que, se realmente somos sinceros con nós mesmos decatámonos de que antes de deliberar xa decidíramos. A deliberación sería unha xustificación, unha racionalización do xa decidido.

#### 9.3.5.4.- PATOLOXÍA DA VONTADE.-



En xeral, calquera enfermidade da vontade denomínase **ABULIA** (verbo grego: "bouílomai" = querer + "a" privativa). Abulia = carencia de querer.



En cada unha das fases do acto voluntario teríamos uns tipos de abulia.

a) Deliberación:

-ABULIA DOS IMPULSIVOS: Obran sen pensar, sen deliberar.

-ABULIA DOS INTELECTUAIS: Pensemos demasiado, non rematan nunca a deliberación.

b) Decisión:

-ABULIA DOS VELEIDOSOS: Non acaban de decidirse aínda que vexan claro o que deberían facer.

c) Execución:

-ABULIA DOS DÉBILES: Póñense a si mesmos constantes trabas para non facer o que teñen que facer.

-ABULIA DOS OBSESOS: Réxense por unha idea fixa, e realizan as cousas aínda que non estean de acordo.

-ABULIA DOS OBCECADOS: Exaltación de si mesmos. Levan a contraria.



===== 'Y' =====

Manuel Seixas – Xuño - Setembro do 2017. Revisión e reestruturación – Setembro 2019.

Compilación de material propio + Libro texto: "Psicología" 2º Bacharelato, José Ignacio Alonso García, Ed. McGrawHill, 2016 + Compilación de material na rede.

Tradución: Manuel Seixas.

Reestruturación de Carlos Gómez (xaneiro 2021)

